

FARO DE VIGO

A escritora nigranesa Soledad García, premio Manuel María de poesía



Soledad García. / REDACCIÓN

N.P. Nigrán 25 XUÑO 2023 6:00

A escritora de Nigrán Soledad García está de noraboa tras facerse con dous premios literarios en menos dun mes. Hai tres semanas gañaba o XXVIII Certame de Poesía Manuel Oreste Rodríguez de Paradela coa obra “As palabras son cinzas por soprar” e hai uns días o xurado da Casa de Galicia en Gipuzkoa escollía o seu poemario “O Camiño de Perséfone” como gañador do VIII Certame de Poesía en Lingua Galega Manuel María, que levaba tres anos sen convocarse.

“O Camiño de Perséfone” explora a dualidade entre a tecnoloxía e a natureza a través de imaxes evocadoras e metáforas. A autora retrata a deusa grega da agricultura e da fertilitade mergullándose un mundo virtual mentres busca un oasis entre os datos.

García forma parte do grupo de promoción Urbana do Galego no Instituto de Estudos Miñoráns e do grupo de fusión de [arte](#) Solaina Valmiñor.